

APECCO

**MEMORIA
ANUAL
2024**





Actividade 2




Sector 4

Apecco 1



Asociados 3



APECCO

1





Carta do presidente

Diego Vázquez Reino





Carta do presidente

Diego Vázquez Reino

Prezados asociados e asociadas

Hai dez anos escribía a miña primeira carta para esta memoria anual. Cantas cousas pasaron en tan pouco tempo, canto cambiou a sociedade e canto evolucionou o sector da construción. Este ano quero empezar dándovos as grazas. Grazas por axudar a converter APECCO nunha das organizacións empresariais e económicas máis puxantes de Galicia, e que, a piques de celebrar medio século de historia, está consolidada como un referente da industria da construción do noroeste.

Gozamos nestes últimos anos dos froitos dun arduo traballo colectivo e dunha aposta moi forte e decidida de todos os membros dos nosos órganos de goberno por desterrar, mediante un proceso de transformación e renovación que está sendo moi ben acollido pola sociedade, todos os mantras e clixés que perseguían o noso sector.

Coa folla de ruta intachable, a seriedade e a unidade de actuación de APECCO, puidemos contaxiar este obxectivo de cambio a todas e cada unha das organizacións do sector en Galicia, e grazas á recuperación da unidade e do esforzo colectivo, estamos a construír un futuro de máis e mellores oportunidades para o sector, e consecuentemente para as nosas empresas. A miña gratitude aos asociados de APEC Lugo, ACO Ourense, ACP Pontevedra e Cámara de Contratistas polo seu apoio decidido, e ás súas xuntas directivas, cos seus presidentes á cabeza, polo traballo leal e desinteresado a prol deste ilusionante proxecto de revitalización e posta en valor da actividade construtiva en Galicia.



Carta do presidente

Diego Vázquez Reino

Como vos dicía, nestes tempos vemos materializados grandes proxectos transformadores: un sistema de contratación moderno e axustado, unha Fundación Laboral adaptada ás necesidades das nosas empresas cun traballo denodado por loitar contra esa secuela da sinistralidade que todos, absolutamente todos, queremos combater. E, por suposto, unha agrupación industrial, Galicia Constrúe, que en apenas dous anos de vida está a dar pasos moi firmes e decididos para ser un modelo en innovación, sustentabilidade e tecnificación, tan importantes para os novos tempos.

Como sabedes, estamos inmersos nun traballo clave para os próximos anos: a execución do Plan Director do Sector da Construción en Galicia, encargado a Galicia Constrúe, que debe de conter os aspectos fundamentais para o crecemento e desenvolvemento da nosa actividade. E non vos caiba a menor dúbida de que ese documento recollerá as necesidades de todas e cada unha das nosas empresas, á marxe do seu tamaño e da súa situación xeográfica.

Outro dos proxectos decisivos e transformadores tamén encargado ao clúster é o Plan de Industrialización, un gran reto que, sen dúbida, vai provocar un forte avance na execución de toda clase de obras e infraestruturas e que debe supoñer unha mellora dos nosos procesos produtivos a todos os niveis.

Pero se hai algo que vai marcar a historia do sector, e que foi un anhelado durante xeracións, é a declaración da construción como un dos sectores estratéxicos da economía de Galicia por parte do Consello de Goberno da Xunta de Galicia. O meu profundo agradecemento, que personalizo no presidente Alfonso Rueda, por considerar esta distinción nun momento tan importante. Este recoñecemento é capital para o sector; en primeiro lugar, para reconciliar á sociedade cunha actividade que sempre foi clave para o desenvolvemento do estado de benestar, e, en segundo termo, para que as nosas reivindicacións e necesidades, sobre todo en situacións de recesión económica, reciban a atención que merecen.



Carta do presidente

Diego Vázquez Reino

Tras este superficial resumo da actualidade, permitídmeme que retome o obxectivo fundamental desta carta, que é a rendición de contas do traballo realizado en APECCO. Presentamos hoxe a memoria correspondente ao ano 2024, con todos os detalles sobre a actividade e as xestións realizadas, e que, como poderedes comprobar, reflicte que o corazón da nosa asociación latexa con forza, que é respectada e considerada, e que, como non podía ser doutro xeito, goza dun recoñecemento social e empresarial que queda en evidencia nas galas anuais, convertidas, por méritos e pola nosa hospitalidade, nunha cita ineludible para administracións, asociacións, representantes de traballadores e diferentes de sectores sociais da provincia.

A acción diaria de APECCO ten en conta todos e cada un dos aspectos que nos ocupan e preocupan a todos os asociados, tanto en materia de contratación, onde conseguimos resolver positivamente as diferentes cuestións _neste sentido quero agradecer a boa disposición de todas as AAPP a súa actitude sempre construtiva e resolutiva _ , como nas distintas problemáticas que nos afectan, como a falta de relevo profesional, un problema que afrontan diferentes sectores en toda Europa, que debe ser considerado como unha cuestión de país e que, polo tanto, como teño manifestado en numerosas ocasións, debe ser abordado ao máis alto nivel se queremos buscar solucións de calado.



Carta do presidente

Diego Vázquez Reino

A nivel interno, quero e debo destacar a estabilidade da nosa masa social. Desde os peores momentos que vivimos coa pandemia, APECCO non só mantivo o número de socios senón que cada ano fomos incorporando novas empresas de gran relevancia, unha mostra de fortaleza que nos impulsa cara adiante e reforza a folla de ruta desta xunta directiva e comisión delegada, á que tanto debo agradecer e que representa de maneira exemplar as distintas áreas de actuación das empresas que compoñen a Asociación Provincial de Construtores da Coruña, así como o equipo human que fai posible que a nosa entidade ofrezca o servizo e atención que as empresas necesitan.

Permitíndeme rematar cun recordo entrañable para os precursores que nos deixaron nos últimos tempos, para os que no seu día creron que era necesario un punto de encontro e sentaron as bases dunha entidade que sempre defendera os intereses das empresas da construción, aos que nos inculcaron o respecto ao compañeirismo e á palabra dada, e que nos transmitiron o deber de propagar o seu legado a todo o sector como única vía para dispoñer dun ecosistema de oportunidades e traballo para todos. O meu recoñecemento e o meu agradecemento.

Unha forte aperta.

Diego Vázquez Reino

Presidente de APECCO

Órganos de gobierno

COMITÉ PERMANENTE



APECCO

Asociación Provincial de Empresarios
de la Construcción de La Coruña

PRESIDENTE

Diego Vázquez Reino

VICEPRESIDENTA

Begoña Losada Besteiro

VICEPRESIDENTE 2º

Marcos Vázquez Zas

TESOUREIRO

Pedro Muñoz González

VOGAIS

Fernando Castro Díez

Víctor González Jove

Alberto López Martín

José No Varela

Eva Otero Leal

Miguel Ruíz Alarcón

SECRETARIO

Miguel García Eiroa



Órganos de gobierno

COMISIÓN DELEGADA

EMPRESA / VOGAL

Abeconsa / José Luís Molina Botas
Acciona Construcción / Miguel Ruiz Alarcón
Ambientum / Javier Martínez Piñeiro
Aparfont / Alejandra Fontenla Piedrahita
Área Proyección / Javier Fernández Canabal
Arkivolta / Pedro Muñoz González
Canarga / Marcos A. Vázquez Zas
Cnes. Ángel Jove / Víctor González Jove
Cnes. Cernadas / Ismael Cernadas Tages
Cnes. Leonardo Miguélez / Engracia Miguélez Díaz
Cnes. Ponciano Nieto / Diego Nieto Barreiro
Desarrolla Obras y Servicios / Pedro Rodríguez Geada
Dragados / Óscar Dominguez Aguilar
Espina y Delfín / Óscar Rodríguez Gutiérrez
F. Gómez y Cía. / Alberto López Martín
FCC Construcción / Enrique Quirós Núñez
Ferrovial Construcción / Enrique Griñán Torrado

EMPRESA / VOGAL

Grúas Norte / Cristina Montenegro Quintá
Iprenor / Miguel Ángel Míguez Vázquez
José No Mantiñan e Hijos / José No Varela
Mantido / Martín Castiñeira Pérez
Maquisaba / Francisco Blanco Caamaño
Prace Servicios y Obras / Daniel Ortega González
Prosema Noroeste / Juan Rilo González-Vallés
Quimiasfalt / Fernando Castro Díez
Rodiñas Pretensados / Daniel Hermosilla Hermida
Tarrío y Suárez / Sabino Tarrío Ourille
Tradisco / Eva Otero Leal
Vázquez y Reino / Diego Vázquez Reino
Vías y Cnes. / Begoña Losada Besteiro

SECRETARIO

Miguel García Eiroa



Organización funcional

INTERVENTORES

DE ACTAS ASAMBLEAS

Juan Rilo González-Vallés
José Ignacio Tuñón Gurrea

DE CONTAS

Ismael Cernadas Tages
María Begoña López Martínez

COMISIÓN SOCIO-LABORAL DE CONSTRUCCIÓN

Eva Gómez Portela
Ignacio Tuñón Gurrea
Antonio Fernández-Chao (Asesor)
Miguel García Eiroa (Secretario)

COMISIÓN SOCIO-LABORAL DE PINTURA

Patricia Álvarez López
María José Ares García
José Ángel Brey Ferreiro
César Prado Maceiras
Ramón Rivera López
Antonio Fernández-Chao (Asesor)
Miguel García Eiroa (Secretario)

Presenza institucional

A TRAVÉS DO PRESIDENTE

FEDERACIÓN GALEGA DA CONSTRUCCIÓN

Xunta Directiva (Presidente)

CLÚSTER “FUNDACIÓN GALICIA CONSTRÚE”

Comisión Executiva e Padroado (Presidente)

CONFEDERACIÓN NACIONAL DA CONSTRUCCIÓN

Consello de Goberno / Grupo de Territoriais

FUNDACIÓN LABORAL DA CONSTRUCCIÓN DE GALICIA

Comisión e Consello Territorial (Presidente)

CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DA CORUÑA

Consello de Presidentes

CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA

Vogal Directiva e Asemblea

CÁMARA DE COMERCIO DA CORUÑA

Membro do Comité Executivo e Presidente da
Comisión de Infraestruturas

MESAS DE VIVENDA, MOBILIDADE E POLO DESENVOLVEMENTO
SOSTIBLE DO CONCELLO DA CORUÑA

Membro das Mesas

AFIANZAMIENTOS DE GALICIA, S.G.R. (AFIGAL)

Vogal Asemblea



Presenza institucional

A TRAVÉS DOUTROS MEMBROS

FEDERACIÓN GALEGA DA CONSTRUCCIÓN - FGC

EN XUNTA DIRECTIVA

Begoña Losada Besteiro

José No Varela

Miguel García Eiroa

EN ASEMBLEAS

Begoña Losada Besteiro

Víctor González Jove

Alberto López Martín

Pedro Muñoz González

José No Varela

Miguel García Eiroa

CONFEDERACIÓN NACIONAL DA CONSTRUCCIÓN - CNC

EN ASEMBLEAS

Begoña Losada Besteiro

Alberto López Martín

José No Varela

FUNDACIÓN LABORAL A CONSTRUCCIÓN – GALICIA - FLC

NA COMISIÓN E NO CONSELLO TERRITORIAIS

José No Varela

Miguel García Eiroa

CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DA CORUÑA - CEC

EN ASEMBLEAS

Antonio Fontenla Ramil

Víctor González Jove

Pedro Muñoz González

José No Varela

Marcos Vázquez Zas

CONSELLO RECTOR DO ISSGA

José No Varela

Presenza institucional

A TRAVÉS DOUTROS MEMBROS

CÁMARA DE COMERCIO DA CORUÑA

NO PLENO

Manuel Amor Suárez

José No Mantiñán

Marcos Vázquez Zas

MESAS VIVENDA E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE DO CONC. DA CORUÑA

Víctor González Jove

Miguel García Eiroa

CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROL - COFER

José No Mantiñán

Juan Rilo González-Vallés

FEDERACIÓN NACIONAL DE EMPRESARIOS PINTORES - ANSPI

NA DIRECTIVA

José Ángel Brey Ferreiro

COMITÉS PROVINCIAL E AUTONÓMICO DE EMPREGO

Miguel García Eiroa

MESA FERROL IMPULSA

Juan Rilo González-Vallés

Miguel García Eiroa

COMISIÓN EXECUTIVA PROVINCIAL DO INSS

Antonio Fernández-Chao

COMITÉ PROVINCIAL DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO

Miguel García Eiroa

Actividade

2



Índice de actividades

Detállanse, de seguido, as principais Actividades e Xestións efectuadas pola nosa Asociación durante o ano 2024

- ▶ Negociación de Convenios Laborais
- ▶ Outras xestións coas AA.PP.
- ▶ Reunións Internas
- ▶ Cursos de Formación
- ▶ Proxectos de captación de Man de Obra Estranxeira
- ▶ Xornadas de APECCO
- ▶ Compromiso Social
- ▶ Convenios con Empresas para acadar Vantaxes Especiais para os Asociados
- ▶ Tarxeta Profesional de la Construcción (TPC)
- ▶ Publicacións de APECCO
- ▶ Portal WEB de APECCO
- ▶ Circulares
- ▶ Informes y Estudios
- ▶ Colaboracións e Relacións Externas
- ▶ Asesorías
- ▶ Outras Actividades e Servizos Prestados aos Asociados

Negociación convenios laborais



○ **Convenio Colectivo Provincial da Construción aplicou o acordo nacional cun incremento do 2,75% para 2024.**

Asináronse as primeiras Táboas de Aportacións ao Plan de Pensións do Sector para 2024, e con efectos retroactivos as de 2022 e 2023.

No **Convenio de Pintura** pactouse unha **suba do 9% para os anos 2022, 2023 e 2024.** Tamén se aprobaron as Táboas de Aportacións ao Plan de Pensións.

Pactáronse os calendarios laborais da Cosntrucción e de Pintura par ao 2025, con 12 e 11 festivos respectivamente.

Xestións coas Administracións Públicas

> **Con respecto á XUNTA DE GALICIA** destacamos que los volúmenes de investimento no 2024 seguiron sendo elevados, cun importe de adxudicación de 336 millóns de Euros.

Na Administración autonómica conseguiuuse estes últimos anos que as adxudicacións estean moi próximas á media das ofertas presentadas e que as baixas estean bastante contidas. A baixa media ha estado en 6,4%. Grazas ao labor realizado desde a Federación Galega, os proxectos están a axustarse mellor aos prezos de mercado. Nalgunhas obras conseguiuuse elevar os Orzamentos dos Proxectos antes da súa saída a Licitación. Participouse en diversos almozos de Traballo coas Consellerías relacionadas co Sector.

> A pedimento de Empresas Asociadas, efectuáronse xestións ante diversos **CONCELLOS DA PROVINCIA** para corrixir ou denunciar deficiencias en temas de Contratación de Obras: por erros nas Clasificacións esixidas, nos prazos de presentación e na esixencia de Clasificación en Obras onde non era pertinente. Tamén, denunciáronse determinadas cláusulas que incumprían a Lei de Contratos das AA.PP. e algúns problemas de falta de pagamentos.

Xestións coas Administracións Públicas

> **En relación coa DEPUTACIÓN DA CORUÑA,** tras o gran logro de cambiar o Prego nas licitacións (adxudicándose á oferta máis próxima á media máis 1 punto), conseguiuuse que a media de adxudicación siga manténdose nuns niveis moi aceptables.

En 2024 a baixa media de adxudicación situouse no 5,5%, cando chegou a estar por encima do 30%. Ademais, fóronse corrixindo cuestións como a da garantía (limitando a dous anos o máximo prazo) ou a eliminación da redución de prazo. Tamén, flexibilizáronse e melloraron os criterios de adxudicación, permitindo cumprir entre diversas opcións, e non só unha como era anteriormente.



Reunión co
Presidente da
Deputación en
Apecco

Reunións internas

Durante o 2024 tiveron lugar as habituais reunións dos Órganos de Goberno de APECCO: Comisións Delegadas, Comités Permanentes e a Asemblea Xeral.

O día 19 de setembro celebrouse a Asemblea Xeral Ordinaria.

Nesta ocasión realizouse no mesmo lugar que o Cóctel que tivo lugar a continuación (no restaurante do Monte de San Pedro). Na Asemblea, tras un detallado informe do Presidente sobre a situación do Sector e as Actividades emprendidas pola Asociación durante o exercicio anterior, aprobáronse a Xestión e as Contas do exercicio económico de 2023, e o Orzamento para o ano 2024.

Na clausura da Asemblea participou a nova Conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María Martínez Allegue, que explicou as novas liñas de actuación da súa Consellería.



Asamblea de APECCO



Reuniones internas

Al finalizar la reunión tuvo lugar el **4º Encuentro Anual de la Asociación**, con un gran éxito de participación y en un ambiente cordial y festivo.

Hubo una asistencia record de 170 personas.

A la Cena-Cóctel asistieron, entre otras autoridades: **el Delegado y la Subdelegada del Gobierno, la Conselleira de Infraestructuras, la Conselleira de Medio Ambiente, el Vicepresidente y el Diputado de Contratación de la Diputación, la Alcaldesa de A Coruña, el Alcalde de Ferrol, el Presidente de la CEC, el Presidente de Aproinco y el Presidente de la CNC.**



Reuniones internas

Se homenajeó a las empresas que cumplieron más de 25 años en APECCO, que fueron: Canarga, Comercial Silva Galicia, Construcciones Iglesias Mera, Euromontaxe profesional y Jardinería Arce.

Asimismo, se hizo un homenaje especial a Carmen Prego por su reciente jubilación y su gran labor en la Asociación durante 38 años.



Na Campaña de Formación de APECCO 2024 fixéronse un total de 54 cursos.



54
CURSOS

A participación nos Cursos alcanzou a cifra de 1.487 alumnos. O total de horas lectivas foi de 1.296 e participaron 57 empresas, ademais de traballadores autónomos e traballadores en situación de desemprego.

Destacan os Cursos de: Revit para Empresas Constructoras, Análise con Excel - 1ª Parte, Funcións Matriciais – Business Intelligence, Presto, Psicoloxía do Traballador e Xestión de Conflitos, Liderado e Motivación de Equipos, Manipulación segura de diisocianatos, Sinalización en Obras de Construción, Xestión de Residuos da Construción e Demolición-RCD.



1487
ALUMN@S

Ademais, impartíronse cursos de: Formación para Traballos en Obra Pública, Curso Teórico-Práctico de Primeiros Auxilios, Curso Teórico-Práctico de Extinción de Incendios.



57
EMPRESAS

En Prevención de riscos laborais, impartíronse varios cursos para Técnicos de prevención Nivel Básico e tamén cursos específicos de distintas materias: Aislamiento e Impermeabilización, Albanelaría, Aparellos Elevadores, Colocación de materiais de cubrición, Conservación e Explotación de Estradas, Demolición e Rehabilitación, Electricidade, Encofrados, Equipos Manuais, Estabilización de Explanadas e Estendido de Firmes, Montador de Escaiola, Placas de Xeso Laminado e Asimilados, Montaxe de Estruturas Tubulares Mantemento de Maquinaria e Vehículos, Operador de Vehículos e Maquinaria de Movemento de Terras, Montador de Escaiola, Pintura, Primeiros Auxilios, Redes de Abastecemento e Saneamento e Pocería, Revestimentos Exteriores, Instalador de Elementos de Carpintaría e Moble, Traballos en Altura, Primeiros Auxilios en Equipos de Emerxencia.



1296
HORAS

Desde a Asociación, recoméndase a todas as Empresas Asociadas que sigan formando a todos os seus traballadores con regularidade en Prevención de Riscos Laborais.

Impartíronse os cursos en **6 localidades** da Provincia: **A Coruña, Arteixo, Ferrol, Muxía, Melide e Oleiros.**

A empresa ten a **obriga de formar a todos os seus traballadores en Seguridade e Prevención de Riscos Laborais**, que ademais obriga ás empresas incluídas no Anexo I do R.D. 39/97, consideradas como empresas con actividades de risco (como é o caso da Construción), a proporcionar unha formación específica e completa en relación cos riscos que implica a súa actividade.

Segundo a última modificación da Lei en materia de Prevención de Riscos aplicable ás Obras de Construción, **cada empresa que traballa nunha obra debe contar cun Recurso Preventivo (responsable en Prevención), coa formación mínima de Nivel Básico de Prevención (Curso de 60 horas).**

Así mesmo, **débese formar a todos os traballadores coa Formación Específica en Prevención de Riscos segundo o seu Oficio ou Posto de Traballo (20 horas) ou (6 horas) se xa teñen outra formación que lles convalide parte das horas, segundo establece o Convenio da Construción.**

Proxecto de captación de man de obra estranxeira

A Asociación finalizou con éxito a primeira fase do Proxecto de Captación de Man de Obra Estranxeira, coa chegada de 25 traballadores do Perú, que foron seleccionados por cinco empresas asociadas e que xa se atopan actualmente traballando.

Redactouse un Convenio no que se determinan os requisitos que debe cumprir cada unha das partes no momento de solicitar traballadores: APECCO, a consultora GSLint e as empresas solicitantes.

Agora, iníciase unha segunda fase na que calquera empresa pode participar para solicitar traballadores.

O problema da falta de man de obra continúa agravándose pola ausencia de relevo xeracional, e esta alternativa será unha das principais opcións para conseguir persoal no sector.

Nas últimas reunións coas empresas participantes no Proxecto, chegouse á conclusión de que será máis doado tentar captar xente nova, aínda que non teña suficiente formación, para facilitar o seu arraigamento nas empresas asociadas.

O Proxecto presentouse na Subdelegación do Goberno co obxectivo de que o coñecesen e axudasen a axilizar os trámites para poder traer os traballadores no menor tempo posible. A reunión tivo lugar o día 6 de setembro coa Subdelegada María Rivas, que felicitou a APECCO polo Convenio realizado baixo o paraugas e control da Asociación.



Reunión coa Delegada do Goberno



Sinatura convenio GSLint-APECCO

Xornadas sobre temas de actualidade e interese para as empresas

ORGANIZADAS OU NAS QUE COLABOROU APECCO

2º Congreso sobre Contratación Pública da Deputación da Coruña: “Por unha contratación máis áxil, eficaz, en igualdade e sustentable”.

(1 e 2 de abril no Teatro Colón da Coruña)

Participaron, entre outros relatores, o Presidente de APECCO, Diego Vázquez Reino, na ponencia “O empresariado ante a contratación pública. Mellora dos sistemas de revisión de prezos”.

MESA REDONDA

O empresariado ante a contratación pública. Como potenciar as PEME e os centros especiais de emprego de iniciativa social. Cara a unha mellora dos sistemas de revisión de prezos

• Eugenia Calvo López
Enxeñeira de camiños, canles e portos

• Herminio Martínez Lago
Presidente de CEGASAL

• Ma Luz Rivas Díaz
Enxeñeira de camiños, canles e portos

• Patricia Sabín Díaz
Profesora titular de Proxectos Arquitectónicos da Escola Técnica Superior de Arquitectura da Universidade da Coruña

• Diego Vázquez Reino
Presidente de APECCO

– MODERA:

Daniel Beiras García-Sabell
Arquitecto xefe do Servizo de Arquitectura e Mantemento da Deputación Provincial da Coruña

Organiza:



Congreso sobre Contratación Pública- Intervención do Presidente de APECCO



Xornadas sobre temas de actualidade e interese para as empresas

ORGANIZADAS OU NAS QUE COLABOROU APECCO

Xornada: “Planificación de Obras co Método Last Planner System (LPS)”

7 de marzo

Contido: A necesidade dunha mellor planificación nas obras de construción. Método LPS.

Presentación: Miguel García Eiroa (Xerente de APECCO).

Relator: Rafael Díaz Martínez (Xefe de Área de Planificación de ACUAES).

Participaron **23 persoas**.

2 Xornadas de Prevención de Riscos Laborais: “Uso seguro de escaleiras” e “Seguridade en espazos confinados”

26 e 27 de novembro respectivamente

Organizadas pola FLC e APECCO en Santiago e Arteixo.

Presentación: Miguel García Eiroa (Xerente de APECCO), un representante sindical e un técnico da FLC.



Xornada “Planificación de Obra”

Xornadas sobre temas de actualidade e interese para as empresas

ORGANIZADAS OU NAS QUE COLABOROU APECCO

4 Xornadas: “Proxecto Construindo Emprego. Emprego e Formación na Industria da Construción”

22 e 25 de marzo, 23 de abril e 13 de decembro

Organizadas por APECCO na Asociación, en Cáritas-Ferrol, en Cáritas-A Coruña e no Centro de Formación do Concello da Coruña.

Contido: O sector da construción: datos e cifras. O convenio da construción. A necesidade de man de obra. O proxecto Construindo Emprego e a FLC.

Poñentes: Miguel García Eiroa (Xerente de APECCO) e Mónica Miñones (Responsable de Formación de APECCO).

Participaron unhas **20 persoas en cada unha**.



Compromiso social

Asinouse, por oitavo ano consecutivo, o exitoso **Convenio con CÁRITAS**, co obxectivo de axudar a persoas con problemas de integración social.

Este convenio é todo un exemplo de colaboración e de inserción laboral, xa que se están acadando uns resultados magníficos de colocación.

O convenio busca mellorar as condicións de empregabilidade dos participantes nos itinerarios formativos (curso de Reformas), procurando que o alumnado que os realice leve a cabo prácticas non laborais nas empresas integradas na Asociación. Grazas a esta colaboración, o alumnado recibirá a formación básica e a específica en prevención de riscos laborais para cada un dos oficios nos que se formen. Así, unha vez rematada a formación, poderán integrarse no mundo laboral e comezar a traballar nas obras de construción.



Compromiso social

No curso realizado na **Coruña** no ano 2024 **remataron 18 alumnos**. E no de **Ferrol**, que se fixo por terceiro ano consecutivo, **remataron 12 alumnos**. **A inserción daqueles que finalizan os cursos sitúase no 90 %**.

Estase conseguindo tamén incorporar algunha muller a estes cursos.

Entre as oito edicións da Coruña e as tres de Ferrol xa se formaron máis de 215 alumnos.

Dada a crecente necesidade de man de obra, é fundamental ofrecer este tipo de servizo ás empresas.



Curso Cáritas - APECCO na Coruña

Compromiso social

Por terceira vez conseguiu-se organizar, co apoio de Cáritas, un **Curso de Operador de Maquinaria en Construción, no que volveron colaborar as empresas Talleres Hércules de Maquinaria (que cedeu maquinaria e os terreos para as prácticas), Loxam-Hune e Rilo Maquinaria (que cederon maquinaria) e Construcións Cernadas e Vázquez e Reino (que facilitaron os formadores).**

O curso realizouse entre o 1 de xuño e o 31 de agosto, cunha duración de 344 horas. A parte práctica desenvolveuse nas instalacións de Talleres Hércules de Maquinaria e nalgunhas das empresas asociadas.

As prácticas do curso efectuáronse con dúas Mini-Excavadoras, un Rodete Compactador, un Dumper, unha Carretilla Elevadora e unha Plataforma Elevadora.



Curso de Maquinaria
APECCO - Caritas en Coruña

Séguese a colaborar con **Cegasal**, que é unha organización galega que dá emprego a persoas con discapacidade e colabora con empresas da nosa Asociación para a contratación de traballadores ou para a aplicación de medidas alternativas co fin de cumprir co porcentaxe do 3 % de persoas con discapacidade na plantilla, como a adquisición de produtos ou a contratación de servizos ás empresas do grupo.

Compromiso social

A APECCO **asinou un acordo de colaboración solidaria coa Asociación Española Contra o Cancro (AECC)** na súa 4ª Reunión Anual, reafirmando o seu compromiso con importantes causas sociais.

A decisión foi apoiar a Asociación Española Contra o Cancro cunha doazón destinada a contribuír aos obxectivos da Asociación: financiar investigacións clave, proporcionar apoio esencial aos pacientes e ás súas familias e promover hábitos de vida saudables para previr o cancro.

A sinatura do acordo de doazón tivo lugar na sede da AECC na Coruña, coa presenza de Diego Vázquez Reino (presidente de APECCO) e Carlos Lamora (vicepresidente da Xunta Provincial da Asociación na Coruña). Destacaron a importancia desta colaboración para a Asociación e, en particular, o apoio do tecido empresarial na loita contra o cancro a través de diversas iniciativas de colaboración.



Sinatura acordo AECC- APECCO

Convenios con empresas e organismos

PARA ACADAR VANTAGES ESPECIAIS PARA OS ASOCIADOS

Actualmente, existen Acordos de Colaboración coas seguintes Entidades Financeiras: **ABANCA, BBVA e BANCO SABADELL**, nos que se contemplan ofertas de produtos e servizos financeiros en condicións vantaxosas para as empresas asociadas.

O Convenio de **Liñas Especiais de Avais** (Financeiros, Técnicos e Especiais) asinado con **AFIGAL** ten unha grande acollida por parte dos nosos asociados. Grazas a el, as nosas empresas poden gozar de condicións especiais, que veñen de ser melloradas en 2024, e estarán exentas de gastos de estudo e formalización no caso dos Avais Técnicos.

O **Convenio coa empresa SOLRED (Grupo REPSOL)** permite conseguir un importante desconto no prezo do gasóleo (**desconto de ata 10 céntimos de €/litro**) nas principais gasolinas onde repostan os asociados. Así mesmo, na maioría das Estacións de Servizo de Galicia e do resto de España, da rede **REPSOL, CAMPSA e PETRONOR**, o **desconto oscila entre os 3,9 cts./litro e os 10 cts./litro**.

Hai máis de 80 Empresas Asociadas beneficiándose deste Convenio.

A través da **Oficina Auxiliar do Contratista da CNC**, existen **tarifas especiais** para a **obtención ou mantemento do Expediente de Clasificación de Contratistas**.

Convenios con empresas e organismos

PARA ACADAR VANTAGES ESPECIAIS PARA OS ASOCIADOS

Renovouse o **Convenio con ASEFA**, co fin de que as empresas se beneficien de boas condicións económicas e de xestión para a tramitación de avais, seguros de caución e outros.

Vantages desta compañía:

Aumento da capacidade crediticia, xa que non computa na CIRBE.

Diminución das esixibilidades do balance.

Custos máis baixos. Non hai comisións de estudo nin de apertura.

Cobran polos días efectivos de uso da liña.

Ademais, ASEFA ofrece o seguro trienal na construción, o seguro para obras civís e o de responsabilidade civil (RC).



Convenio con ASEFA

Tarxeta profesional da construción - TPC



APECCO axuda a tramitar as Tarxetas Profesionais da Construción e actualmente levan tramitadas máis de 2.120. **En Galicia hai uns 55.000 traballadores coa TPC.**

A maioría destas tarxetas foron tramitadas para traballadores das empresas asociadas e para o alumnado dos cursos de formación en prevención.

A Tarxeta reflicte a seguinte información do Traballador

1. A experiencia acumulada no sector e a categoría profesional
2. Se foi sometido a recoñecementos médicos (vixilancia da saúde)
3. A formación que ten, principalmente, en prevención de riscos laborais

Lembramos que a TPC se tramita a través da Fundación Laboral da Construción e é un documento moi útil tanto para as empresas como para os traballadores do sector.


Actualmente, é obrigatorio renovar a Tarxeta, xa que o seu formato foi modificado para mellorar as súas prestacións tanto para as empresas como para os traballadores.

Publicacións e DVD de APECCO

APECCO ten editadas as seguintes Publicacións:

- Normativa de Prevención de Riscos Laborais e Seguridade na Construción
- A Lei de Ordenación da Edificación
- A nova Lei de Contratos coas Administracións Públicas
- O Texto refundido da devandita Lei de Contratos
- Libro sobre o Sector da Construción (enfoque estratéxico aplicado a Galicia)
- O Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas
- Os Estatutos da Asociación
- Manual de Prevención de Riscos: “Construíndo Seguridade”
- Libro de Prevención: “Maquinaria e Equipos vinculados a Traballos en Altura (I)”
- Libro de Prevención: “Maquinaria e Equipos vinculados a Traballos en Altura (II)”
- Libro de Prevención: “Manual de Traballos en Altura”
- Libro de Prevención: “As 5 Regras de Ouro para Traballos en Altura en Construción”
- Libro de Prevención: “Glosario de Termos de Seguridade en Construción”
- Guía Metodolóxica para a Elaboración de Memorias de Responsabilidade Social Empresarial en PEMES do Sector da Construción
- DVD de Prevención de Riscos Laborais na Construción

Da maioría destas publicacións, os asociados poden solicitar gratuitamente máis exemplares.



WEB / O contido actual da WEB é o seguinte:

- Información sobre a Asociación (Memoria, Contas)
- Servizos e Publicacións
- Cursos de Formación
- Relación de Asociados
- ¿Como asociarse? (inclúese o mapa de localización de APECCO)
- Zona Socios

ZONA SOCIOS / Lembrámosche que na Zona Socios só poden acceder os asociados cunha clave particular facilitada por APECCO. Nesa zona dispóns da seguinte información:

- Informes mensuais de adxudicacións de obras públicas en Galicia
- Informes anuais de obras públicas en Galicia
- Circulares informativas
- Convenios con empresas
- Boletíns mensuais de noticias
- Servizos de asesoramento

Os apartados máis visitados son: Relación de Empresas Asociadas, Información Xeral da Asociación, Cursos de Formación, Información de Obras Públicas e Circulares Informativas.

Circulares, informes e estudos

CIRCULARES

Durante o último ano enviáronse máis dun centenar de circulares e escritos informativos: de tipo fiscal, laboral, de lexislación galega, española e europea. Sobre todo, a referida ao mundo empresarial, á construción e á contratación pública, de vivenda e urbanismo, de índices de prezos, de programas e orzamentos de obras, de prevención de riscos laborais, de medio ambiente, de conxuntura económica, de feiras, de xornadas informativas, de subvencións e axudas, e outras, de actualidade e relevancia para as empresas.

INFORMES E ESTUDOS

Efectuouse o habitual **Informe Anual de Licitacións, Adxudicacións e Aperturas de Plicas, das Administracións Central, Autonómica e Local**, desglosadas por organismos e tipos de obra cos seus orzamentos e empresas adxudicatarias.

Informes mensuais de Licitacións e Adxudicacións de Obras Públicas.

Estudos periódicos sobre a marcha do sector en Galicia e en España, referidos á contratación de obra pública, consumo de cemento, vivendas visadas, iniciadas e rematadas, poboación laboral, activa, ocupada, parada, sinistralidade e outros indicadores da actividade.

Colaboracións e relacións externas

Mantivéronse as comunicacións habituais cos **MEDIOS DE COMUNICACIÓN**, a través de notas de prensa, publicacións, mesas redondas e entrevistas en diversos medios, para a divulgación de actividades da Asociación e temas sobre a construción, vivenda, prevención de riscos laborais, emprego, xornadas, cursos de formación e outros.

O Presidente de APECCO participou, un ano máis, en numerosas entrevistas cos medios, tanto en prensa como en radio e televisión, informando da evolución e situación do sector.

Continuáronse as relacións con **outras asociacións, confederacións e institucións** relacionadas directa ou indirectamente coa nosa Asociación: coa Confederación Nacional da Construción (CNC), a Federación Galega da Construción (FGC), a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) e da Coruña (CEC), e coa Federación Nacional de Empresarios Pintores (ANSPI).

Así mesmo, continuamos colaborando coa **Fundación Laboral da Construción de Galicia**, órgano paritario das organizacións empresariais e sindicais, cuxos fins son a formación e a prevención.

A Fundación realizou numerosos cursos de formación ocupacional.

Formamos parte activa da mesma, pertencendo á Comisión e ao Consello Territorial de Galicia.

Coa **Confederación de Empresarios de Galicia** (CEG) participouse en numerosas Mesas de Traballo.

COFER. A nosa Asociación forma parte da Confederación de Empresarios de Ferrol para ter maior presenza nesta importante comarca.

Os Servizos de Asesoría Xurídica, Laboral e Fiscal continúan a traballar intensamente para a nosa Asociación e os seus membros.

O noso asesor laboral, **Antonio Fernández-Chao**, está a colaborar activamente na negociación dos Convenios Colectivos Provinciais de Pintura e Construción.

Do mesmo xeito, os **Servizos de Asesoría Fiscal de Ruíz-Posse** resolveron un gran número de cuestións e problemas fiscais plantexados polas nosas empresas membro.

En 2024, os **Servizos de Asesoría de Comunicación** foron asumidos por **Eusyan**, que xa viña colaborando coa Asociación na planificación de eventos.

Os **Servizos de Asesoría de Contratación Pública** están dirixidos por **Juan Carlos Romar**.

Os **Servizos de Asesoría Financeira** están dirixidos por **Gonzalo González Pérez**.

As empresas tamén recibiron **asesoramento en Prevención de Riscos Laborais e en cuestións ambientais**.

Outras actividades e servizos

- **Expedición de “Finiquitos”**. Para os asociados a un prezo de 3 €/unidade e para os non asociados 10 €.
- **Edición de “Libros de Subcontratación”**, obrigatorios por lei nas obras de construción. Prezo de venda para os asociados de 4 € a unidade e para os non asociados 10 €.
- Obtención de **novas fontes de información a través de subscricións e colaboracións** con distintos organismos públicos e revistas especializadas do sector.
- Envío de **invitacións aos asociados** para a asistencia a feiras e outros eventos.
- Cedeuse o uso do **Salón de Actos e das Aulas da Asociación** a diversas empresas que o solicitaron para a realización de reunións e seminarios propios.
- Ao longo do ano, **resolvéronse multitude de consultas** de todo tipo formuladas polos asociados.


Asociados

3




Evolución de asociados

EVOLUCIÓN 2013 a 2024



Distribución xeográfica de asociados



Novos asociados

2024

EMPRESA / POBOACIÓN

AMBIENTUM TRATAMIENTO GLOBAL DEL MEDIO AMBIENTE, S.L. / SADA

ESTRUCTURAS HORMIGONES ASTURIAS, S.L. / CABAÑAS

GONNABA CTNES. Y REFORMAS, S.L. / NARÓN

KONSTRUES GESTIÓN Y DESARROLLO DE OBRAS, S.L. / CAMBRE

MARTÍNEZ Y CAAMAÑO, S.L. / VIMIANZO

Relación de asociados

2024

EMPRESA / POBOACIÓN

ÁBACO CR, S.L. / A CORUÑA
ABECONSA, S.L.U. / A CORUÑA
ACCIONA CONSTRUCCIÓN, S.A. / A CORUÑA
ACODAR 2010, S.L. / A CORUÑA
ADECON OBRAS Y SERVICIOS, S.L. / LUGO
ALCOMTE GALICIA, S.L. / SANTIAGO
ALVAC, S.A. / ARTEIXO
AMBIENTUM TRAT. GLOBAL DEL MEDIO AMBIENTE, S.L. / SADA
AMBITOS PROYECTOS Y OBRAS, S.L. / A CORUÑA
ANGEL BREY, S.L. / SANTIAGO
ANLLAR MANTENIMIENTOS Y CTNES., SL / A CORUÑA
ANTONIO FILLOY, S.A. / BOIMORTO
APARFONT, S.L. / A CORUÑA
AQUABLUE, S.L. / A CORUÑA
ARCOPONTE, S.L. / A CORUÑA
ÁREA PROYECCIÓN, CONSTRU.Y SERV.,SL / SANTIAGO
ARINES OBRAS Y PROYECTOS, SL / SANTIAGO
ARKIVOLTA, S.L. / CULLEREDO
ASEFA SEGUROS / A CORUÑA
ATESVI, S.L. / FONTECULLER
BCNOR GESTION Y SOLUCIONES AVANZADAS, SL / A CORUÑA
BÚA CTNES. Y SERVICIOS, S.L. / DUMBRÍA
C.P. GONZAR OBRAS Y SERVICIOS, S.L. / O PINO
C.R.C. OBRAS Y SERVICIOS, S.L. / ORDES

CALEFACCIONES SIMÓN, S.L. / SANTIAGO
CALYFOGA, S.L.U. / CULLEREDO
CANALIS SOLUCIONES TECNOLÓGICAS, S.L. / CAMBRE
CANARGA, S.L. / A CORUÑA
CARICLES OBRAS Y SERVICIOS, S.L. / A CORUÑA
CARLOS BUSTO, S.L. / PONTECESO
CASTAÑO BASCOY, S.L.U. / PADRÓN
CHEIVAN EXCAVACIONES, S.L. / ORTIGUEIRA
CITANIAS OBRAS Y SERVICIOS SLU / CULLEREDO
CNES. A. MARTINEZ E HIJOS, S.L. / CORISTANCO
CNES. ANGEL JOVE, S.A. / A CORUÑA
CNES. CANOSA, S.L. / AS PONTES
CNES. CERNADAS, S.L. / VIMIANZO
CNES. CRESPO BARROS, S.L. / PAIOSACO - LARACHA
CNES. DAMASO FERREIRO E HIJOS, SL / CARBALLO
CNES. FEGO ATLÁNTICO, S.L. / A CORUÑA
CNES. FERMÍN SIMAL, S.L. / LAXE
CNES. GONZÁLEZ Y GONZÁLEZ, SL / TORDOIA
CNES. GROBAS, S.L. / MESÍA
CNES. GUERREIRO SOMOZAS, S.L. / AS SOMOZAS
CNES. IGLESIAS MERA, S.L. / AMES
CNES. J. MAURI E HIJOS, S.L. / A CORUÑA
CNES. LOPEZ CAO, S.L. / A CORUÑA
CNES. MOUZO Y SOUTO, S.L. / CARBALLO



Relación de asociados

2024

EMPRESA / POBOACIÓN

CNES. PONCIANO NIETO, S.L. / ZAS
CNES. ROCHA CORRAL, S.L. / OZA-CESURAS
CNES. SIBER ORDES, S.L. / ORDES
CNES. Y EXCAV. GERMÁN MOUZO, S.L. / MUXÍA
CNES. Y EXCAV. MANUEL CALVO, SL / MUXÍA
CNES. Y OBRAS ANDUJAR, S.L. / DUMBRÍA
COMASA NORTE, S.L. / NOIA
COMERCIAL SILVA GALICIA, S.L. / BERGONDO
CONSCYC 2020, S.L. / LAXE
CONSMAGA GESTIÓN, S.L. / MILLADOIRO-AMES
COPCISA, S.A. / A CORUÑA
COREGAL PARQUES E XARDÍNS, S.L. / SANTIAGO
COSMALCA, S.L. / O PINO
COVI OBRAS Y VIALES, S.L. / ORDES
COVISAM NORTE, S.L. / CARBALLO
CYS HISPANIA, S.L. / SANTIAGO
DECORGA PINTURA, S.L.U. / A CORUÑA
DENUEVO PUNTO CREATIVO, S.L. / A CORUÑA
DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L. / A CORUÑA
DRAGADOS, S.A. / A CORUÑA
ELECTRIFICACIONES MIÑONES, S.L. / LAXE
ENMACOSA, CONSULTORÍA TÉCNICA, S.A. / A CORUÑA
EPIFANIO CAMPO SL / A LARACHA
ESPINA OBRAS HIDRÁULICAS, S.A. / SANTIAGO

ESPINA Y DELFIN, S.L. / SANTIAGO
ESQUEIRO, S.L. / A CORUÑA
ESTRUCTURAS HORMIGONES ASTURIAS / CABAÑAS
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CNES. S.A. / OROSO
EUROMONTAXE PROFESIONAL, S.L. / TARRÍO-CULLEREDO
EXCAVAC., TTES., OBRAS Y SERV. M. RGUEZ, SL / LOUSAME
EXCAVACIONES AGRA CASTRO, S.L. / SANTA COMBA
EXCAVACIONES CERNADAS VALIÑA, S.L. / VIMIANZO
EXCAVACIONES DARIO, S.L. / LOUSAME
EXCAVACIONES H. OTERO, S.L. / MAZARICOS
EXCAVACIONES MIDON, S.L. / TEO
EXCAVACIONES POSE, S.L. / CABANA
EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, S.L. / ORDES
EXCAVACIONES Y OBRAS MARCOS, S.L. / ORDES
EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR, S.L. / BETANZOS
EXCAVACIONES YONI TUÑAS, S.L. / MAZARICOS
F. GOMEZ Y CIA, S.L. / TOURO
FCC CONSTRUCCION, S.A. / A CORUÑA
FCO. CASAL MENDEZ Y OTRO, S.C. / CAMELLE
FERROVIAL CONSTRUCCIÓN, S.A. / A CORUÑA
GESPROEUME, S.L. / AS PONTES
GESTAL Y LÓPEZ, S.L. / ORDES
GONNABA CTNES. Y REFORMAS, S.L. / NARÓN
GR CTNES. OBRAS Y SERVICIOS, SLU / CARRAL



Relación de asociados

2024

EMPRESA / POBOACIÓN

GROMA OBRAS, S.L. / MEICENDE-PASTORIZA
GRÚAS, TTES. Y ELEVACIÓN DEL NORTE, SL / SANTIAGO
GRUPO MARIÑO OBRAS Y SERVIC. SL / PONTECESO
HIJOS DE J. LOSADA CANCELO S.A. / NARÓN
HUNE RENTAL, S.L.U. / MADRID
IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS, SL / CULLEREDO
INGENIA DOMO MADERA, S.L. / OLEIROS
INGENIERÍA Y CTNES. MELCOR, S.L. / CULLEREDO
INSTALACIONES DEPORTIVAS GALLEGAS, SL / A CORUÑA
iPRENOR, SLU / A CORUÑA
JARDINCELAS, S.L. / CULLEREDO
JARDINERIA ARCE, S.L. / MEIRÁS-SADA
JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS S.A. / A CORUÑA
JSTOP OBRAS Y SERVICIOS, S.L. / SANTIAGO
JUAN LAGO CONSTRUCCIÓN, S.L. / CEE
KONSTRUES GESTIÓN Y DESARROLLO DE OBRAS, S.L. / CAMBRE
KOTA BLUE, S.L. / FONTECULLER
LANCER PROYECTOS Y OBRAS, S.A. / CULLEREDO
LANTANIA, S.A.U. / MADRID
LEONARDO MIGUELEZ, S.L. / MELIDE
LIREZ CONS, S.L. / DUMBRÍA
LOPEZ CARTELLE HERMANOS, S.L. / ARES
LOPEZ Y LEIS, S.A. / A CORUÑA
MALLO ARES, S.L. / ARTEIXO

MANTIDO, S.L. / CAMARIÑAS
MANUEL RIVAS BOQUETE, S.L. / A CORUÑA
MAQUISABA, S.L. / SANTA COMBA
MARNOSA GESTIÓN DE OBRAS, S.L. / A CORUÑA
MARTINEZ MONTES E HIJOS, S.L. / TEO
MONTAJES ELÉC. VIZCAINO, SL MOELVI / A CORUÑA
MT 2001, S.L.U. / VALDOVIÑO
NEMESIO ORDOÑEZ, S.A. / BOIRO
OBRAS Y CONduc. HIDRAULICAS SL / SANTIAGO
OBRASCON HUARTE LAIN, S.A. / A CORUÑA
OCISAT, S.L. / ARTEIXO
OGMIOS PROYECTO, S.L. / CULLEREDO
OPERIS OBRAS Y MANTENIMIENTO, S.L. / A CORUÑA
ORGANIZ. Y GESTIÓN PROYEC. Y OBRAS, SL / A CORUÑA
OUSINDE, S.L. / ARTEIXO
OVIGA, S.L. / OROSO
OYS NOROESTE, S.L. / OUTES
PCE IBÉRICA, S.L. / TOBARRA –ALICANTE
PÉREZ Y PETEIRO, S.L. / OLEIROS
PINTANOR, S.L. / BERGONDO
PLACAS NORTE, S.L. / A CORUÑA
PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. / FERROL
PROBISA, PRODUCTOS BITUMINOSOS, SLU / SANTIAGO
PROSEMA NOROESTE, S.L. / FERROL



Relación de asociados

2024 EMPRESA / POBOACIÓN

PROYCOGA, S.A. / A CORUÑA
QUIMIASFALT, S.L.L. / ORDES
R4 BETANZOS, S.L.U. / BETANZOS
REALIZA PROYECTOS E INVERSIONES, S.L. / A CORUÑA
REDESYL, S.L. / SANTIAGO
RODIÑAS PRETENSADOS, S.L. / TEO
ROIBÁS VÁZQUEZ, S.L. / SANTISO
RUBEN JOSE NOYA MALLO / TRAZO
RUEIRO, S.A. / A CORUÑA
SEÑALIZACIONES NORTE, S.L. (SENOR) / DODRO
SERANCO, S.A. / A CORUÑA
SERGONSA SERVICIOS, S.L. / A CORUÑA
SERVIPACK MANTENIMIENTOS INDUSTRIALES, S.L. / BERGONDO
SILDASA, S.L. / CERCEDA
SOGRANI - SONENSE DE GRANITOS, S.L. / PORTO DO SON
SONDEOS DEL NORTE, S.A. / A CORUÑA
SUEIRAS DOPICO HOLDING, S.L. / AS SOMOZAS
SUMINISTRO INTEGRAL DEL AGUA, S.L. / LALÍN
TALLERES DE PINTURAS PRADO S.L.U. / A CORUÑA
TALLERES HÉRCULES DE MAQUINARIA, SL / A CORUÑA
TARRÍO Y SUÁREZ, S.L. / RIANXO
TÉCNICAS ELÉCTRICAS ACEBRE, S.L. / CABANAS
TRADISCO, S.L. / A CORUÑA

VALLAS Y CASETAS BRUN, S.L. / ORDES
VAYRE INTEGRAL SERVICES, S.L. / A CORUÑA
VAZQUEZ Y REINO, S.L. / CARBALLO
VCS SOLUCIONES, S.L.L. / PERILLO-OLEIROS
VIAS Y CNES., S.A. / OVIEDO
VILLASUSO ORTEGAL, S.L. / ORTIGUEIRA
VIMANRA, S.L. / CAMBRE
VOLADURAS Y TTES. BLANCO, SLU / CARBALLO

Total / 166



Sector

4



Licitación de obras

SECTOR PÚBLICO – GALICIA 2024

Total adxudicación
1.168 millones de euros




-8%

Inversión das administracións

GALICIA 2024


Administración autonómica
336 millóns de euros



Administración central
473 millóns de euros



Administración local
359 millóns de euros



Total 1.168 millóns de euros

% de baixa media de adjudicación

9%

8% en 2023

Iniciadas

Rematadas

Visadas

3.842

3.149

5.982

+18%

+16%

+71%



Emprego no sector

GALICIA | EPA 2024

Total ocupados

82.300

74.700 Homes (91%) – 7.600 Mulleres (9%)





Grazas!

APECCO